

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARIÑO

*Modificación Bases educación familiar e apertura de novo prazo*

##### EXPEDIENTE 2020/E001/000001

No BOP nº 53, de 20/03/2020 foi publicado o anuncio de convocatoria do proceso relativo á selección dun/dunha educador/a familiar, ao abeiro do programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2020 da Deputación provincial da Coruña, publicándose as bases reguladoras aprobadas por Decreto Alcaldía de 12/03/2020.

En data 24/03/2020 a representación do Colexio Oficial de Traballo Social interpón recurso de reposición contra as meritadas bases, alegando que na base 5.b.l) sobre o requisito académico, se exclúe aos profesionais do Traballo Social da posibilidade de presentarse á convocatoria.

No Bop nº 55, de 27/03/2020, publícase anuncio de suspensión do prazo de presentación de instancias do presente expediente 2020/E001/000001, como consecuencia do Estado de Alarma decretado polo goberno español mediante RD 463/2020, de 14 de marzo.

Mediante Decreto Alcaldía 185/2020, de 27/05/2020 foi estimado o recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Traballo Social e, en consecuencia, modificouse a base 5.b.1 ) das que rexen a convocatoria, incluíndo entre as titulacións de acceso ao procedemento selectivo ás persoas en posesión dalgún dos seguintes títulos: Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social.

Na mesma resolución indícase que se manterán as solicitudes xa presentadas polos interesados, polo que non terán que volver a presentar dita documentación.

O RD 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o Estado de Alarma declarado por RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no se artigo 9 establece que con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos suspendidos reanudaránse ou se reiniciarán.

Polo tanto, a través do presente anuncio faise público que se abre novo prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** (contados a partir do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia), podendo presentarse as persoas en posesión das seguintes titulacións:

- 1.- Diplomado/Grao en educación social ou de habilitación profesional como educador/a social recoñecida por un colexio profesional de educación social.
- 2.- Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social.
- 3.- Primeiro ciclo da titulación de Licenciado/a en Pedagogía ou Psicoloxía ou Psicopedagogía.
- 4.- Graduado/a ou licenciado/a en Pedagogía, Psicoloxía ou Psicopedagogía.

Cariño, 1 de xuño de 2020.- O alcalde.- José M. Alonso Pumar

2020/3167